



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A PROMOCIÓN DA COLABORACIÓN EN MATERIA INVESTIGADORA NO ÁMBITO DA ÁREA SANITARIA DE FERROL**

Ferrol, na data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co previsto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don Julio E. Abalde Alonso, reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con domicilio social na rúa da Maestranza s/n, da Coruña, CIF Q-6550005J, en nome e representación da citada institución, en uso das atribucións que lle confire o artigo 36,1.f) dos Estatutos desta Universidade, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, modificado por Decreto 194/2007, do 11 de outubro, nos que se outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e, para tal efecto,

### **EXPOÑEN**

I. Que tanto a Consellería de Sanidade coma o Servizo Galego de Saúde establecen a investigación e a innovación sanitarias como elementos fundamentais da súa

actividade. Así, o artigo 94.f) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, recolle como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde -baixo a supervisión e control da Consellería de Sanidade-, a promoción da investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.

II. Ademais, o artigo 125.1 da mesma Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece, dentro dos principios xerais da docencia e da formación, que a Xunta de Galicia velará pola coordinación entre os sistemas sanitario, educativo e investigador de Galicia, co fin de conseguir unha maior adecuación da formación dos profesionais e as profesionais ás necesidades de saúde da poboación.

III. Que o Servizo Galego de Saúde asume, entre outras funcións, a coordinación e fomento da investigación no sistema sanitario de Galicia, a elaboración de propostas e o seguimento de programas de docencia e investigación, así como a planificación, promoción e avaliación das accións de investigación, en relación cos problemas e necesidades de saúde da poboación da comunidade autónoma.

Así, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecen como unha das súas liñas estratéxicas, a promoción da investigación, a innovación e a transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria, tales como hospitais, centros de saúde e unidades de xestión e administración.

A "Estratexia Europa 2020" e a iniciativa "Unión pola Innovación" da Comisión Europea, puxeron de manifesto que a investigación e a innovación son fundamentais para o futuro desenvolvemento económico e social. Para lograr que a estratexia produza efecto, cómpre mellorar a calidade da formación dos/as investigadores/as, especialmente no eido dos sistemas públicos de saúde, así como promover o seu desenvolvemento profesional.

Resulta cada vez máis necesario dispoñer dun sistema de formación e adestramento en competencias profesionais de carácter transversal, que acompañe o desenvolvemento da carreira profesional de calquera investigador/a.

IV. Que a Universidade da Coruña (en diante, UDC) é una institución pública, dotada



de personalidade xurídica e patrimonio propios, que desfruta de autonomía de acordo coa Constitución e coa lexislación aplicable, e á que lle corresponde, no eido das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Que son funcións da UDC ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico; a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.

V. Que ambas partes veñen desenvolvendo unha mutua colaboración en materia de docencia e investigación sanitarias. Así, mediante Orde do 20 de decembro de 2001 publicouse o concerto subscrito o 18 de outubro de 2001 entre o Servizo Galego de Saúde e a UDC para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias.

O dito concerto establece, entre os seus obxectivos, o de potenciar a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades da UDC coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos e materiais, así como favorecer o desenvolvemento dos departamentos universitarios nas áreas da saúde, facilitando a súa coordinación coas unidades de investigación dos hospitais e demais institucións sanitarias, e estimulando, en consecuencia, as vocacións investigadoras.

Para a axeitada harmonización dos obxectivos asistenciais, docentes e investigadores, as institucións sanitarias facilitarán á universidade, de acordo coas súas dispoñibilidades, as infraestruturas necesarias segundo as recomendacións da normativa vixente sobre necesidades docentes e investigadoras que deben ser atendidas polas institucións sanitarias concertadas.

VI. De conformidade co anterior e dentro dos obxectivos indicados, ambas partes consideran de interese mutuo que a Área Sanitaria de Ferrol poida contar coa colaboración do profesorado da Área de Estatística e Investigación Operativa do Departamento de Matemáticas da UDC para o apoio nas tarefas de investigación



realizadas nos centros asistenciais que conforman aquela.

Tendo en conta o anterior, ambas partes desexan asinar o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre as partes, a fin de que a UDC, a través do seu Departamento de Matemáticas, colabore co persoal da Área Sanitaria de Ferrol para mellorar a metodoloxía da investigación e a aplicación de criterios estatísticos na actividade investigadora.

### SEGUNDA. COMPROMISOS ASUMIDOS POLA UDC

A UDC, a través do seu Departamento de Matemáticas, comprométese a poñer a disposición da Área Sanitaria de Ferrol os recursos necesarios para materializar o apoio ao persoal investigador da dita área, en materia de metodoloxía da investigación e estatística.

Este apoio consistirá na realización de actividade formativa durante 5 horas semanais, entre os meses de setembro e xullo de cada ano, cun máximo de 200 horas, para o persoal estatutario que a Xerencia da área sanitaria determine.

Para a totalidade destas actividades de apoio, recoñecerase unha redución docente equivalente á que posúe o/a director/a de Cátedra/Aula Institucional, e sempre que esta redución estea contemplada na normativa que regula a dedicación do persoal docente investigador na UDC.

### TERCEIRA. COMPROMISOS ASUMIDOS POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O Servizo Galego de Saúde, a través da Área Sanitaria de Ferrol, comprométese a:

- Facilitar a participación do seu persoal na realización de accións formativas que teñan lugar ao abeiro do presente convenio.
- Facilitar o uso da aula de simulación do Complexo Hospitalario Universitario de



Ferrol e os espazos necesarios para a correcta realización das ditas accións.

#### CUARTA. AUSENCIA DE COMPROMISOS FINANCEIROS

A formalización do presente convenio non require de dotacións orzamentarias específicas para ningunha das partes asinantes.

#### QUINTA. INEXISTENCIA DE VÍNCULOS OU RELACIÓNS CONTRACTUAIS

A subscrición deste convenio non supón o establecemento de relación laboral, contractual ou profesional distinta da existente entre o persoal participante e as respectivas institucións de pertenza, de xeito que non se poderá esixir a estas responsabilidade algunha -directa, indirecta ou subsidiaria- polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento das accións amparadas polo presente convenio.

#### SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no convenio, créase unha Comisión de seguimento coa seguinte composición:

1. Por parte do Servizo Galego de Saúde:

- A persoa titular da Dirección de Procesos de Soporte da Área Sanitaria de Ferrol
- A persoa titular da Xefatura de estudos da Área Sanitaria de Ferrol

2. Por parte da Universidade da Coruña:

- O/A reitor/a ou persoa en quen delegue
- O/A vicerreitor/a ou persoa en quen delegue

Son funcións desta Comisión de seguimento:

1. Velar polo cumprimento do convenio.
2. Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio das accións a desenvolver.
3. Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación coa aplicación ou interpretación do convenio.
4. En xeral, as funcións que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.



O réxime xurídico da Comisión de seguimento axustarse ás normas previstas para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As partes comprométense a resolver por consenso as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia, sen prexuízo da eventual impugnación do acordo ante a xurisdición contencioso-administrativa.

A Comisión de seguimento reunirse con carácter plenario sempre que o solicite calquera das partes asinantes e, como mínimo, unha vez ao ano.

#### SÉTIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense a cumprir a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal; concretamente, o Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Neste sentido, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que puideran ter acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalos para usos diferentes aos previstos no mesmo. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións convencionais entre as partes.

#### OITAVA. NATUREZA XURÍDICA

Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

#### NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

1. O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución deste convenio as seguintes:



- a) O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- b) O mutuo acordo das partes, manifestado por escrito.
- c) O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera parte poderá formular á parte incumpridora un requirimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- d) Por denuncia de calquera das partes, poñéndoo en coñecemento da outra cunha antelación mínima de dous meses á data na que a denuncia vaia producir efectos. Neste suposto, as partes acordan expresamente que se finalizarán as accións que nese momento se atopen en curso ou cuxa realización estea comprometida.
- e) Por resolución xudicial.
- f) Por calquera outra causa distinta da anteriores prevista neste convenio ou nunha lei que sexa de aplicación.

#### DÉCIMA. VIXENCIA

Este convenio producirá efectos dende o día da súa sinatura e manterase vixente por un período de catro anos.

O convenio poderase prorrogar, mediante acordo expreso, por un período de igual duración, agás denuncia expresa de calquera das partes asinantes realizada nos termos previstos na cláusula novena.

#### UNDÉCIMA. REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das partes interviñentes para que calquera delas poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia,



de acordo co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenio da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade, asinan o presente convenio, na data que figura na sinatura dixital.

Polo Servizo Galego de Saúde  
(P.D. Acordo do 12.07.2022)  
O xerente da Área Sanitaria de Ferrol,

Pola Universidade da Coruña  
O reitor,

D. Ángel Facio Villanueva

D. Julio E. Abalde Alonso